

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32016066	CPR Plurilingüe Vila do Arenteiro	O Carballiño	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Bioloxía e xeoloxía	1º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	21
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

A área de BIOLOXÍA E XEOLOXÍA na etapa de Educación Secundaria Obrigatoria constitúe unha continuación da área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural da Educación Primaria. Busca o desenvolvemento da curiosidade e a actitude crítica, así como o reforzo das bases da alfabetización científica, que permite aos estudantes coñecer o seu propio corpo e a súa contorna, adoptando hábitos que lle axuden a manter e mellorar a súa saúde e a cultivar actitudes positivas, como o consumo responsable, o coidado do medio ambiente, o respecto polos demais seres vivos e a valoración do compromiso cidadán co ben común. A adquisición e o desenvolvemento destes coñecementos e habilidades permitirán aos estudantes apreciar o papel fundamental da ciencia na sociedade.

Búscase promover e fomentar as vocacións científicas, os hábitos de estudo, o respecto, a solidariedade e o traballo en equipo. Ademais, animarase aos estudantes a utilizar diferentes formatos e formas de comunicarse e cooperar, destacando entre estes os espazos virtuais de traballo. O traballo en grupo será unha ferramenta para a integración social de persoas diversas que tamén se fomentará no campo da BIOLOXÍA E XEOLOXÍA.

O carácter científico desta materia contribúe a espertar nos alumnos o espírito creativo e participativo, que é a esencia mesma de todas as ciencias. A investigación a través da observación de campo, a experimentación e a procura en diferentes fontes para resolver dúbidas ou contrastar hipóteses, tanto de forma individual como cooperativa, son elementos constitutivos deste plan de estudos.

As principais fontes fiables de información son accesibles a través de Internet, onde conviven con información sesgada, incompleta ou falsa, polo que se fomentará o uso responsable e crítico das tecnoloxías da información e a comunicación.

A área estrutúrase en seis bloques:

- Proxecto científico.
- A célula.
- Os seres vivos.
- A xeosfera.
- A atmosfera e a hidrosfera. Interaccións coa biosfera e coa xeosfera.
- Ecoloxía e sostibilidade.

En conclusión, en BIOLOXÍA E XEOLOXÍA trabállase o coñecemento de ciencias xeolóxicas e da vida como unha forma de desenvolver habilidades e unha plena integración cidadá dos alumnos no ámbito profesional, social e afectivo.

Para a elaboración da programación tivéronse en conta varias variables como a localización do centro, o número e características do grupo así como a lexislación vixente:

- O centro, que está dotado de todo o necesario para levar a cabo o desenvolvemento da materia, atópase nun concello de aproximadamente, 14.300 habitantes.
- A actividade principal no mesmo é a agricultura e servizos pero tamén existe unha incipiente actividade industrial.
- O grupo de alumnos e alumnas é de 20.

Neste agrupamento contamos con tres alumnos con ACS.

Todo isto sustentado polas leis vixentes que rixen a educación:

Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Decreto 117/2023, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesta etapa educativa.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto científico	Preséntase o método científico, baseado na formulación de preguntas e hipóteses, a observación, a realización de experimentos, a análise da información e a comunicación dos resultados. Os alumnos aprenderán tamén a valorar a importancia das normas de seguridade e a respectalas.	10	8	X		
2	A Terra e a paisaxe	Nesta unidade, propónse unha situación de aprendizaxe que servirá para que o alumnado se interese polo universo e reflexione sobre a vida na Terra e sobre a necesidade de coidar e conservar o planeta. Tomarán conciencia do cambio climático e suxerirán actuacións que poderían frealo. Desenvolverán actitudes de respecto cara aos compañeiros e as compañeiras de traballo do seu grupo e dos demais equipos.	9	9	X		
3	A xeosfera	O desenvolvemento desta unidade permitirá aos alumnos e ás alumnas tomar conciencia dos beneficios que proporcionaron os recursos naturais ás persoas; poderán reflexionar sobre os problemas ambientais provocados pola obtención destes recursos e os problemas para a súa saúde; e mostrarán o seu compromiso co coidado do medio ambiente, dando visibilidade aos aspectos negativos e propoñendo actuacións para fomentar un uso sostible.	9	8	X		
4	A atmosfera e a hidrosfera	Nesta unidade, preténdese que os estudantes mostren e desenvolvan o seu sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para planificar, decidir e asumir responsabilidades. Recoñecerán a gravidade e o alcance da contaminación e o cambio climático e serán conscientes da urxencia de poñer en marcha iniciativas que sirvan para concienciar á sociedade. Xustificarán tamén a necesidade de adoptar hábitos para previr enfermidades causadas pola contaminación.	9	8	X		
5	A biosfera	Nesta unidade reflíctese a importancia das emocións para comprender o valor e a utilidade dos seres vivos para a vida das persoas. O alumnado reflexionará sobre as aplicacións de avances tecnolóxicos no estudo dos seres vivos e sobre o recoñecemento da muller na investigación científica. As aprendizaxes da unidade servirán para que desenvolvan a súa	9	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A biosfera	creatividade e a súa capacidade para expresar ideas utilizando diferentes linguaxes.	9	9	X		
6	Os reinos: Moneras, Protistas e Fungos	Nesta unidade, os estudantes reflexionarán sobre as distintas enfermidades e epidemias que sufriu a humanidade ao longo dos séculos; coñecerán os seres vivos que as provocan, pero ao mesmo tempo valorarán a súa importancia para o medio ambiente. Reflexionarán sobre a importancia da investigación científica e poderán aplicar o método científico nos seus traballos, e tomar conciencia da importancia de respectar as normas de seguridade ao realizar experimentos.	9	11		X	
7	Reino Plantas	presente unidade servirá para que o alumnado reflexione sobre os aspectos ambientais e sobre a importancia da xestión sostible. As aprendizaxes da unidade servirán para desenvolver a súa creatividade e a súa capacidade para informar e concienciar ás persoas utilizando diferentes estratexias e recursos.	9	11		X	
8	Reino Animal: invertebrados	Nesta unidade didáctica, os estudantes apreciarán a diversidade dos seres vivos que existe na natureza e serán conscientes das relacións que se establecen entre eles; poderán reflexionar sobre as diferenzas individuais, as características persoais, as necesidades e as preferencias de cada un. As aprendizaxes da unidade servirán ademais para valorar a importancia de organizar a información de maneira estruturada e experimentar as vantaxes do traballo en equipo e do feito de compartir proxectos.	9	11		X	
9	Reino Animal: vertebrados	Mediante o desenvolvemento desta unidade didáctica, os estudantes poderán reflexionar sobre a necesidade de protexer os animais e de tomar conciencia de que o que os prexudica a eles tamén o fai ao medio ambiente e ao ser humano. Valorarán a importancia e a necesidade de propoñeren iniciativas para concienciar á sociedade sobre a conservación das especies e de utilizar os medios necesarios para a súa difusión.	9	10			X
10	Os ecosistemas	Ao longo da unidade, reflíctese a importancia dos perigos que asexan aos espazos naturais e a implicación que isto ten na vida do planeta; a partir de aquí, o alumnado poderá reflexionar sobre as accións que poden mellorar esta situación e valorar a súa utilidade. Tomarán conciencia	9	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
10	Os ecosistemas	da importancia de asumir responsabilidades tanto por parte dos gobernos como da cidadanía. O alumnado terá a oportunidade de aplicar as súas habilidades para a escritura, organizando os datos e a información dun texto informativo, así como de mostrar as súas habilidades comunicativas para expoñer os seus traballos.	9	10			X
11	O ser humano e o medio ambiente	Esta unidade céntrase na relación entre o ser humano e o medio ambiente. Incídese na práctica de hábitos sostibles e na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e as súas metas; para iso préstase especial atención ao medio ambiente e aos seus recursos, aos residuos e á economía circular.	9	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto científico	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	PE	80
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	TI	20
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Estratexias para a elaboración do proxecto científico: - Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas. - Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...). - Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica. - Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais. - Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento. - A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada - Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade. - Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza. - O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.

UD	Título da UD	Duración
2	A Terra e a paisaxe	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	Coñecer e comprender as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	PE	80
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental	TI	20
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable. - Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
3	A xeosfera	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	Identificar minerais utilizando criterios que permitan diferenciarlos.	PE	80
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	Identificar rochas segundo a orixe.		
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Recoñecer minerais e rochas da contorna		
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	Describir algunhas das aplicacións máis frecuentes dos minerais e das rochas no ámbito da vida cotiá.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Recoñecer a importancia do uso responsable e da xestión sostible dos recursos minerais.		
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	Comprender o significado da tectónica de placas.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental	TI	20
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Os minerais: características, propiedades e clasificación. - As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas. - Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna. - Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá. - Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia. - Introducción á teoría da tectónica de placas. - A litosfera e o movemento das placas. - Estruturas xeolóxicas nos bordos das placas. - Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
4	A atmosfera e a hidrosfera	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	PE	80
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Interpretar a paisaxe e reflexionar sobre o impacto ambiental derivado das accións humanas.		
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	Coñecer as funcións da atmosfera esenciais para a vida.		
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	Coñecer as funcións da hidrosfera esenciais para a vida e recoñecer a importancia do ciclo da auga.		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Identificar os principais impactos ambientais sobre a atmosfera e hidrosfera.		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Coñecer as funcións do solo e comprender a interacción coa biosfera, atmosfera e hidrosfera.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental	TI	20
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propoñer e adoptar hábitos sostibles		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A atmosfera. Composición e estrutura. - Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra. - Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica. - O cambio climático. - A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga. - Importancia da auga para os seres vivos. - Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga. - Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.

Contidos

- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
5	A biosfera	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	PE	80
CA2.2 - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	Diferenciar a materia viva da inerte.		
CA2.3 - Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais.	Coñecer as estruturas básicas da célula e as súas funcións.		
CA2.4 - Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación.	Establecer comparativamente as analoxías e as diferenzas dos diferentes tipos de células.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental	TI	20
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Propoñer e adoptar hábitos sostibles		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Concepto de ser vivo.
- A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos.

Contidos
- Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas. - Funcións vitais: - Nutrición: autotrofa e heterotrofa. A fotosíntese. - Relación. - Reprodución: sexual e asexual. - Importancia da adquisición dos hábitos sostíbles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).

UD	Título da UD	Duración
6	Os reinos: Moneras, Protistas e Fungos	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares.	Recoñecer que é un virus.	PE	80
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Detallar os criterios de clasificación dos seres vivos e identificar as principais categorías taxonómicas.		
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Aplicar criterios de clasificación dos seres vivos, e relacionar os animais e as plantas máis comúns co seu grupo taxonómico.		
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Comprender o proceso evolutivo e enumerar algún exemplo de adaptación.		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema ambiental	TI	20
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas. - Formas acelulares: os virus. - Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal. - Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas

Contidos
